

Actuacións desde a Administración Pública para evitar o despoboamento do medio rural. Que se pode facer desde os concellos e deputacións?

Alberto Vaquero García^a / Virginia Losa Muñiz^{b1}

^a Universidade de Vigo – Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense

^b Diputación de Palencia

Recibido: 8 de abril de 2020 / Aceptado: 1 de maio de 2020

Resumo

España enfróntase a un escenario continuado de perda de poboación en boa parte dos municipios do medio rural. A redución de habitantes está a provocar que as administracións públicas locais non sexan capaces de ofrecer a cantidade e calidade dos servizos públicos que necesita a cidadanía, o que potencia una maior emigración poboacional cara a outras zonas con máis residentes. Nesta investigación sinálanse algunhas das actuacións que se poden levar a cabo polas diferentes Administracións Públicas para corrixir a situación actual, especialmente desde a óptica local.

Palabras clave

Despoboamento / Medio rural / Administración Local / Políticas públicas.

Actions from Public Administration to avoid depopulation of rural areas. What can be done by provincial government and local councils?

Abstract

Rural depopulation in Spain is forever on the increase. The reduction in the number of inhabitants is causing local public administrations to be incapable of providing the quantity and quality of public services needed by the citizenry, which increases the emigration of the population to other areas with more residents. This research identifies some of the actions that can be carried out by different Public Administrations to correct the situation, especially from the local perspective.

Keywords

Depopulation / Rural areas / Local Administration / Public policies.

JEL Codes: H72, H75, H77.

1. Introducción

A continua perda de poboación nas zonas rurais afastadas dos grandes núcleos urbanos é unha realidade indiscutible. Ademais, a citada redución non é patrimonio exclusivo destes territorios, senón que está a afectar ás comarcas nas que se atopan estes municipios, chegando mesmo a cidades de pequeno tamaño. En efecto, o despoboamento pasou de ser algo focalizado no ámbito rural a constituír un fenómeno xeneralizado, do que unicamente se salvan, polo momento, as grandes urbes.

A partir do *Padrón Municipal de Habitantes* do Instituto Nacional de Estadística (INE), pódese constatar como no ano 2019 o 72% da poboación en España residía no 1% de todo o territorio, mentres

*Correspondencia autor: vaquero@uvigo.es

¹ Os autores agradecen os valiosos comentarios e suxestións do editor e dos avaliadores anónimos.

Unha versión preliminar deste artigo circulou como documento de traballo na Rede Localis (www.redlocalis.com).

que o 90% o facía no 12%. No período 2009-2019, o 76% dos municipios españois viron reducido o seu número de habitantes, seguindo un descenso ininterrompido iniciado nos anos cincuenta. Esta diminución de poboación implicou unha progresiva desaparición de servizos básicos locais. Ademais, o despoboamento no ámbito rural comporta un conxunto de implicacións económicas, sociais e culturais que condicionan o futuro e a supervivencia destas zonas. Neste escenario resulta necesario coñecer qué se pode facer desde as Entidades Locais (EE.LL.) para corrixir esta situación, ao ser a Administración máis próxima á cidadanía e, xa que logo, a que mellor coñece as necesidades e o potencial endógeno de cada territorio.

Este artigo desenvolve o seguinte esquema. Tras esta introdución, o segundo apartado aborda o problema do despoboamento desde a perspectiva local. O terceiro epígrafe analiza o papel que deben desempeñar as Administracións Públicas, especialmente as EE.LL., para corrixir o despoboamento do rural. O cuarto apartado sinala un conxunto de recomendacións que cremos de interese para evitar que se siga producindo o despoboamento do medio rural. Finalmente, fórmulanse unha serie de conclusións a partir do exposto nos apartados precedentes.

2. O problema do despoboamento desde unha perspectiva local. Análise cualitativa e cuantitativa

O reducido tamaño da planta municipal en España e as súas repercusións sobre a actividade das EE.LL. foi sinalado nalgúns traballos (Calonge, 2001; De Diego e Vaquero, 2016; Defensor del Pueblo, 2019; Díaz, 2012; Sosa, 2008). No ano 2019, máis do 60% dos concellos en España tiña menos de 1.000 habitantes, e neles vivía o 3,1% da poboación. Dos 8.124 municipios españois, 2.627 (32,3%) tiñan entre 101 e 500 habitantes; deles, 1.360 (16,7%) tiñan 100 habitantes ou menos; o 90% da poboación en España vivía no 30% do territorio (INE, 2020²). Estas cifras permiten pór en evidencia as dificultades para a prestación de servizos locais a unha poboación cada vez máis escasa. Polo xeral, a medida que se vai perdendo poboación, a capacidade económica dos concellos vaise reducindo, tanto polo menor financiamento procedente dos ingresos fiscais como polo derivado das transferencias. A primeira fonte de financiamento mingua pola redución das bases impositivas e polo número de contribuíntes; a segunda, porque a medida que se reduce o número de habitantes, as achegas doutras Administracións Públicas ás EE.LL. tamén vai diminuindo.

A Táboa 1 recolle a evolución demográfica no período 2005-2019 por tamaño de poboación do municipio. Constátase unha significativa perda de habitantes (355.867 persoas) nos municipios con menor número de residentes (ata 5.000). Isto débese á redución inicial de poboación das zonas rurais, que se traduciu nunha diminución poboacional de zonas intermedias, que se atopan baixo a súa zona de influencia. O contrario constátase nas grandes cidades, cunha alta concentración de poboación. En concreto, para os municipios de máis de 20.000 habitantes o incremento foi de 3,2 millóns de residentes; en especial, as áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona recollen o 23% da poboación nacional. Compróbase que son precisamente as áreas de influencia destas dúas cidades e parte da costa mediterránea as que aglutinan poboación en detrimento doutras provincias como Ávila, Burgos, Soria e Zamora (en Castela e León) e Teruel³ (en Aragón).

En Galicia, máis do 60% dos concellos tiña no ano 2019 menos de 5.000 habitantes, e no 35% das EE.LL. vivían menos de 2.000 persoas. En concreto, 109 concellos atopábanse nesta situación, 63 na provincia de Ourense, a máis afectada. Neses 109 concellos estaban empadroados 140.000 habitantes (o 5,2% de toda a poboación), mostrando unha tendencia demográfica recesiva.

² Datos obtidos a partir do *Padrón Municipal de Habitantes* do INE a data 1 de xaneiro de 2019 (véxase https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177011&menu=resultados&idp=1254734710990).

³ Tres provincias NUTS III (Cuenca, Soria e Teruel) sitúanse coa densidade de poboación máis baixa de España. As dúas primeiras por baixo dos 10 habitantes/km².

Táboa 1. Poboación por tamaño dos municipios (2005-2019)

Tamaño dos municipios (por habitante)	2005	2015	2019	Variación absoluta (2005-2019)
Menos de 101	59.925	72.436	76.828	16.903
De 101 a 500	712.752	661.567	658.384	-54.368
De 501 a 1.000	760.350	735.181	721.203	-39.147
De 1.001 a 2.000	1.359.127	1.279.830	1.242.862	-116.265
De 2.001 a 5.000	3.163.341	3.105.502	3.000.351	-162.990
De 5.001 a 10.000	3.716.869	3.861.973	3.865.826	148.957
De 10.001 a 20.000	4.867.406	4.983.746	4.787.781	-79.625
De 20.001 a 50.000	6.583.993	7.522.782	7.765.329	1.181.336
De 50.001 a 100.000	5.147.839	5.961.547	6.075.765	927.926
De 100.001 a 500.000	10.282.131	10.979.122	11.196.460	914.329
Máis de 500.000	7.454.797	7.460.696	7.635.419	180.622
TOTAL	44.108.530	46.624.382	47.026.208	2.917.678

Fonte: INE (2020).

Como se indicou, moitos concellos de Galicia –reflexión que se podería extrapolar a nivel nacional–, ao carecer dun número de veciños suficientes, non son capaces de prestar de maneira eficiente os servizos locais (De Diego e Vaquero, 2016). E isto, unicamente considerando o escenario optimista, posto que nos casos máis extremos esta perda demográfica se verá traducida nunha desaparición de parroquias, de entidades singulares, de aldeas e de vilas. Neste declive demográfico sobreviven, a duras penas, minúsculos núcleos de poboación, con cada vez menos habitantes pero, ao mesmo tempo, con máis persoas de idade avanzada.

Ademais, a inmensa maioría destes municipios, aínda que manteñen a súa condición administrativa, vense incapaces de autoxestionar os seus intereses e as demandas dos seus habitantes, cumprindo a duras penas co principio constitucional de autonomía local. Polo tanto, moitos deles, para garantir a súa supervivencia, vense abocados a depender excesivamente da axuda financeira doutras Administracións Públicas.

Aínda que a casuística destes municipios é moi ampla e heteroxénea, a caracterización destas zonas rurais con graves problemas de despoboamento pon de manifesto certas carencias de natureza económica e/ou a procura de servizos públicos de calidade por parte da poboación. As zonas afectadas por este proceso adoitan ser áreas economicamente deprimidas, atrasadas ou escasamente dinámicas en comparación con outros territorios (Pinilla e Sáez, 2017). Ademais, como a poboación que emigra é fundamentalmente adulta en idade de traballar ou nova, compróbase un alto envellecemento das zonas de orixe, o que provoca unha baixa natalidade e un crecemento vexetativo negativo.

Todo o anterior xera un círculo vicioso que realimenta o despoboamento, complicando aínda máis o futuro das zonas de orixe debido á perda de capital humano. Esta formulación tamén é compartida pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que no seu informe do ano 2017 sinala a existencia de riscos demográficos por cousa da ruralidade das provincias e das comarcas e polo poder de atracción das grandes cidades e áreas metropolitanas sobre elas, provocando unha migración masiva.

Chegados a este punto, conviría cuantificar a importancia da poboación rural en España, co obxectivo de determinar a importancia do problema do despoboamento. No ano 2016, a poboación que residía na España rural supoñía o 9,1% do total nacional (Collantes e Pinilla, 2020), unha cifra lixeiramente inferior á do ano 1970 (9,5%). Ademais, conséntase que esta perda de poboación no medio rural non é algo novo, e mesmo que o peso poboacional das zonas rurais en España mostra un lixeiro aumento desde o mínimo obtido no ano 2001 do 8,3%.

O 82,5% dos municipios en España poden considerarse rurais, segundo os parámetros recollidos na Lei 45/2007, de 13 decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural (LDSMR⁴), con 7,9 millóns de residentes (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, 2015). A pesar de que a cifra anterior só representa o 17,1% da poboación, este pequeno sector reside no 84,5% do total do territorio. De todos os municipios rurais, o 94,8% ten menos de 5.000 habitantes, aínda que representan o 81% do territorio rural (e o 68,4% de todo o país). Neles vive o 59% de todo o medio rural español, e o 10,5% dos habitantes do conxunto do Estado cunha densidade de poboación de 14,1 habitantes/km². En consecuencia, o número de residentes é moi reducido en relación co territorio que ocupa.

En segundo lugar, habería que determinar que factores explican a realidade dos municipios rurais en España. En Recaño (2017) realízase unha análise da situación dos 4.922 municipios de menor poboación en España (o 60,6% da totalidade), sinalando tres factores clave: avellentamento, emigración e proximidade a espazos poboados, factores que explican o 60% das características diferenciais destes municipios (Táboa 2). A partir do citado traballo compróbase que sobre o avellentamento da poboación inflúe de xeito negativo (tomando en consideración a correlación lineal) a taxa de crecemento da poboación (-0,753) e de maneira positiva a súa idade media (0,947). Sobre a emigración conséntase un efecto positivo da altitude á que se atopa o municipio (0,613), do índice de masculinidade ou do cociente entre homes e mulleres (0,590) e da intensidade da emigración (0,649), e actúa de xeito negativo o tamaño poboacional do municipio (-0,760). Finalmente, o efecto da proximidade a espazos poboados vese condicionado positivamente polo tamaño e a densidade de poboación dos municipios próximos (0,830 e 0,631, respectivamente).

Táboa 2. Factores explicativos da diversidade dos municipios rurais en España

Variabes relacionadas	Avellentamento	Emigración	Proximidade a espazos poboados
Taxa de crecemento poboacional (1981-2011).	-0,753		
Idade media da poboación no ano 2016.	0,947		
Tamaño da poboación do municipio.		-0,760	
Altitude.		0,613	
Índice de masculinidade no ano 2016.		0,590	
Intensidade da emigración.		0,649	
Tamaño da poboación dos municipios próximos.			0,830
Densidade dos municipios próximos.			0,631

Fonte: Recaño (2017).

Tendo en conta os resultados sinalados, establécese unha distinción en materia de espazos rurais, de maneira alternativa á LDSMR, aínda que con algúns elementos compartidos. Así, establécese unha tripla tipoloxía dos municipios rurais en España: (i) resiliencia demográfica, (ii) emigración e (iii) risco de despoboamento irreversible. O primeiro dos grupos (29,6% dos municipios) trataríase de espazos

⁴ A LDSMR establece, a partir do seu artigo 10, unha delimitación e clasificación das zonas rurais considerando tres variables relacionadas coa proximidade e influencia dos centros urbanos: a estrutura económica, a densidade de poboación e o nivel de renda. A partir da citada clasificación pódense sinalar tres tipos de zonas rurais: (i) a revitalizar, caracterizadas por unha escasa densidade de poboación, unha importante significación da actividade agraria, baixos niveis de renda, un elevado illamento xeográfico e dificultades de vertebración territorial; (ii) intermedias, cunha densidade poboacional baixa ou media, emprego diversificado nos tres sectores produtivos, un nivel de renda media ou baixa e moi separadas xeograficamente da área de influencia das grandes cidades; e (iii) periurbanas, que son núcleos de poboación que rexistran un aumento no número de habitantes, na súa maior parte pertencentes ao sector terciario, cun nivel medio ou alto de renda e situados xeograficamente na área de influencia das áreas urbanas e/ou densamente poboadas.

xeográficos afastados, de áreas de montaña máis deprimidas, con certa estabilidade demográfica, unha densidade de poboación máis elevada que a media rural, un índice de masculinidade lixeiramente superior ao conxunto de España e un menor impacto da emigración.

O segundo grupo (32,9%) conformaríanos municipios cunha altitude elevada, reducida dimensión demográfica (175 habitantes por núcleo de poboación), unha densidade de 6,2 habitantes por km², unha taxa de crecemento vexetativo negativa, un índice de masculinidade superior ao dos municipios de resiliencia demográfica, un certo nivel de envellecemento e un elevado efecto da emigración. Ademais, estes núcleos de poboación formaríanos espazos rurais de emigración, é dicir, aqueles nos que o 80% dos nados nesas zonas residen noutros municipios.

Finalmente, o terceiro grupo (37,4%) constituiríanos os espazos rurais en risco de despoboamento irreversible, algúns xa en vías de extinción. Trataríanse de EE.LL. situadas a unha elevada altitude media, cunha baixa dimensión demográfica municipal (110 habitantes por núcleo poboacional), unha densidade de poboación moi reducida (4,3 habitantes/km²), cunha media de idade de 60 anos e co 45% dos seus habitantes por riba dos 65 anos.

Aínda que os tres grupos presentan importantes problemas demográficos, nos dous últimos a situación demográfica resulta aínda máis crítica ao estar en xogo a súa supervivencia. Isto prodúcese especialmente nos municipios rurais de todas as provincias de Castela e León, nas provincias de Guadalajara e Cuenca (en Castela-A Mancha), en Teruel (en Aragón) e en boa parte dos municipios da Rioxa.

3. Actuacións desde o ámbito da Administración Pública para corrixir o despoboamento

3.1. Iniciativas desde as Administracións central e autonómica

A preocupación pola situación do medio rural xerou un amplo número de iniciativas tanto desde a óptica estatal como autonómica. En primeiro lugar, desde o ano 2020 cóntase coa Secretaria General para el Reto Demográfico⁵ (anteriormente Comisionado del Gobierno para el Reto Demográfico, creado no ano 2017) e a Comisión Especial del Senado sobre la Evolución Demográfica en España⁶ (2016).

A nivel autonómico, entre outras, poden sinalarse experiencias como a do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica⁷ (2016) ou o Observatorio Aragonés de Dinamización Demográfica y Poblacional (2018).

⁵ A Secretaría General para el Reto Demográfico é o departamento que ten a responsabilidade de establecer as políticas do Goberno de España para combater o despoboamento. Entre os seus principais retos atópase a aprobación para o ano 2020 da *Estrategia Nacional de Reto Demográfico*, a instancias da Conferencia de Presidentes. Este documento terá en consideración as directrices aprobadas no ano 2019 e contará coa participación dos Ministerios, Comunidades Autónomas (CC.AA.), EE.LL., sociedade civil e empresas, para deseñar un conxunto de actuacións públicas e privadas que permitan reducir a sangría demográfica e recuperar poboación nas zonas rurais.

⁶ A Comisión sinalou un conxunto de medidas de contido fiscal para aplicarles ás EE.LL. do medio rural. Entre o abano de actuacións, destaca un conxunto de bonificacións tributarias para persoas e empresas que optasen por residir e establecerse en zonas rurais. Entre outras, suxeríase establecer desgravacións no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e a aplicación dun tipo máis reducido no IVE e no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AJD). Estas medidas complementaríanse con bonificacións á Seguridade Social. Nalgunhas CC.AA. xa se veñen aplicando actuacións fiscais para manter e atraer poboación ao rural. Este sería, por exemplo, o caso de Galicia, que desde o ano 2016 vén apostando polo "Programa de impostos cero no rural". Con este Programa perséguese favorecer a mobilidade de terras, potenciando a súa transmisión ao sector agrario, facilitando que as explotacións accedan ao chan rural con menor custo. Isto tradúcese nunha dedución do 100% na cota do ITP-AJD nas transmisións inter vivos, nas agrupacións de chan rústico e nas transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario. Ademais, desde o ano 2017 cóntase cunha dedución no citado imposto do 100% da cota para determinados colectivos que adquiran a súa vivenda no medio rural. Galicia non é o único caso, polo que tamén podemos sinalar as actuacións aprobadas en Aragón ou en Cantabria.

⁷ O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica é o órgano de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia demográfica dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Este organismo foi o responsable da elaboración do *Informe Galicia: Perspectivas demográficas*.

En segundo lugar, atoparíanse unha serie de plans e programas: a *Agenda para la Población de Castilla y León 2010-2020*⁸ (2010), a *Directriz Especial de Política Demográfica y contra la Despoblación en Aragón* (2017), o *Plan Demográfico del Principado de Asturias 2017-2027* (2017) ou o *Informe Galicia de Perspectivas Demográficas* (2018). Finalmente, poderíanse sinalar unha serie de actuacións innovadoras como, entre outras, a Cátedra de Despoblación de Zaragoza ou o Plan Estratégico de Despoblación de San Esteban del Valle (Ávila).

3.2. Iniciativas desde as Administracións locais

Como xa se sinalou, a Administración local é o nivel de goberno máis próximo ao cidadán e o que ten a responsabilidade de garantir unha serie de servizos básicos de proximidade. Xa que logo, tanto os concellos como as deputacións provinciais, ante o grave problema demográfico que están a vivir moitos municipios, deben desempeñar un papel relevante para corrixir esta situación.

Os municipios do rural achegan moitos recursos para poder desenvolver e manter a vida urbana, pero tamén é necesario restaurar o reequilibrio co medio rural do que se nutre. Isto pasa por conseguir a estabilidade demográfica. Desde o ámbito local, as actuacións viñeron pivotando en dúas fronte: (i) o fomento da actividade económica e (ii) o incremento do benestar e da calidade de vida. Sen dúbida, unha das actuacións para mellorar as cifras demográficas do medio rural pasa por fomentar a actividade económica. Con todo, as iniciativas económicas que se poden realizar desde a perspectiva local son limitadas, xa que as EE.LL. carecen de grandes competencias no ámbito económico, a diferenza das CC.AA. que si as teñen.

Polo que respecta á mellora do benestar e da calidade de vida da cidadanía, algúns concellos tentaron ampliar o catálogo de servizos públicos locais para responder á demanda, prestándolle especial atención e apoio á conciliación familiar, e atendendo á poboación máis vulnerable co obxectivo de garantir a supervivencia do medio rural. No entanto, non é sinxelo alcanzar a plena equiparación da cantidade e da calidade dos servizos públicos que se prestan, mesmo adaptando a oferta ás características territoriais nas que vive esta poboación.

Neste sentido, sanidade, educación e dependencia, que son tres alicerces básicos para a consolidación demográfica (Fernández, 2020), son de competencia autonómica. En concreto, a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, determina que os concellos só poderán exercer as competencias propias establecidas por lei e mais as competencias delegadas, debendo axustarse ao establecido nos artigos 7.3 e 27 da citada normativa. Ademais, convén sinalar que a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no artigo 21, que modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que as competencias que teñen os concellos en materia de creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica.

Ante a delicada situación demográfica, e co obxectivo de tentar captar poboación ou polo menos non perder residentes, algunhas EE.LL. crearon axudas como os “cheques-bebé”⁹ ou o alugueiro de vivenda a baixo prezo¹⁰. No primeiro caso trátase de incentivar economicamente os nacementos ou as adopcións no municipio, contribuíndo a sufragar os gastos en que incorren as familias polos motivos

⁸ A *Agenda para la Población de Castilla y León* foi aprobada no ano 2010 e, posteriormente, producíronse dúas actualizacións nos anos 2014 e 2017.

⁹ Este sería o caso, entre outros, do Deputación Provincial de Ourense, que vén concedendo anualmente 1.300 axudas a través do programa *ChegOU*. Esta iniciativa consiste nun cartón de prepago de 300 euros por bebé (ampliable ata os 500 euros en municipios con grandes perdas de poboación), destinado á adquisición de produtos hixiénicos, alimentarios ou de saúde relacionados co primeiro ano de vida do bebé. A dotación global no ano 2018 foi de 339.300 euros. A nivel municipal, pódense citar, entre outros, os concellos de San Cristovo de Cea ou o de Manzaneda (ambos os dous en Ourense), que fixaron axudas por natalidade ata os 1.200 euros.

¹⁰ O Concello de Entrimo (Ourense) ofreceu no ano 2017 vivendas cun alugueiro de 50 euros ao mes para familias que matriculasen os seus fillos na escola da vila. O municipio de Trabada (Ourense) ofreceu vivenda gratis a quen escolarizase dous alumnos de 3 a 6 anos.

sinalados. No segundo, ofrécense pisos a prezo reducido para que se instalen no municipio novas familias. Non obstante, todas estas iniciativas non sempre teñen o efecto desexado. É bastante probable que estas políticas non lle representen beneficio económico suficiente ao concello como para poder aumentar ou mellorar a súa carteira de servizos, ao supor unhas variacións case inapreciables no seu padrón de habitantes e nas cantidades que se reciben doutras Administracións Públicas polo incremento de poboación.

Outras potenciais vías de captación de habitantes por parte das EE.LL. son as bonificacións en tributos locais para familias con fillos residentes no medio rural e/ou para espazos de prioridade demográfica. Estas medidas requiren dun deseño correcto para que realmente poidan mellorar a situación demográfica; por exemplo, o establecemento dun tempo mínimo de residencia e/ou o limiar máximo de renda. Só así serán socialmente xustas e demograficamente eficaces.

3.3. Iniciativas desde o asociacionismo local

Finalmente, estarían aquelas actuacións baseadas no asociacionismo local, que desde a óptica privada buscan articular medidas para combater o despoboamento do medio rural. Este conxunto de iniciativas ten un denominador común: o fomento da concienciación e da participación cidadá na loita contra o despoboamento e na procura de solucións (Gómez, Atance e Rico, 2007).

Estas asociacións tratan de cambiar as expectativas que se foron creando nas últimas décadas sobre o medio rural. Tal e como se sinala en Collantes e Pinilla (2020), as expectativas de futuro foron moito máis favorables para a cidade que para o campo, e por iso unha parte importante da poboación do rural optou por emigrar. Esta migración foi unha decisión racional, posto que as familias se adaptaron ás novas circunstancias e decidiron trasladarse cara a espazos urbanos. Este proceso realizouse de forma colectiva e/ou deseñando un futuro urbano para os mozos, ao ver na emigración unha saída ao declive do rural. O movemento do asociacionismo do medio rural busca, precisamente, cambiar esta formulación, xa que apostando por recuperar poboación non só gañarían as zonas receptoras, senón a sociedade no seu conxunto.

En efecto, a perda de poboación no rural pode provocar unha “reacción en cadea” que afecte a toda a economía. Co abandono do campo adoitan aumentar os incendios, xa que sen actividade gandeira a limpeza dos montes non é tan frecuente, o que provoca un prexuízo á cuberta forestal e a todo o ecosistema, aumentando a desertización e, xa que logo, con importantes consecuencias sobre o cambio climático. Ademais destes efectos, a vida nas zonas rurais ten unha grande influencia na economía, xa que permite crear empregos estables e produtivos, como poden ser os xerados polas cooperativas agrarias. Todo isto permite contribuír ao desenvolvemento sustentable e ao crecemento económico. Sen dúbida, a economía social pode desempeñar un importante papel neste campo.

4. Recomendacións

Non existen receitas máxicas nin inmediatas para combater o despoboamento do medio rural. Ademais, e aínda que este problema sexa un feito na maior parte dos pequenos municipios españois afastados dos grandes núcleos urbanos, as actuacións para corraxir esta situación non poden ser as mesmas, dada a casuística de cada entidade local.

O desenvolvemento do turismo rural, as segundas residencias e o dispor de recursos vinculados ao territorio que incentiven determinadas actividades son factores que poden chegar a garantir a continuidade económica dalgúns municipios e, no mellor dos casos, conseguir un mínimo poboacional. Con todo, isto non sempre resulta factible porque a maior parte dos núcleos rurais non son capaces de reter ou captar mozos, mulleres e non nativos, que son os grupos de poboación que permitirían corraxir con maior intensidade a maltreita situación demográfica do medio rural.

É frecuente que os concellos que se atopan baixo unha situación demográfica crítica opten por propoer axudas económicas para fixar poboación. Isto, aínda que ao primeiro pode permitir, no mellor dos

casos, aumentar a poboación, esta non adoita manterse no tempo, amais de supor un custo relativamente elevado para estes municipios que soportan fortes limitacións orzamentarias. É máis, nesta carreira por captar poboación pódese chegar a entrar en competencia con outras EE.LL. en similar situación, ao provocar traslados de poboación desde municipios que xa contan con poucos habitantes a outros en condicións similares.

Ademais, e aínda supondo que se obteña unha ganancia neta de habitantes na comarca, estes municipios teñen un problema demográfico engadido, xa que son lugares cunha alta taxa de envellecemento poboacional, e onde os indicadores de mortalidade superan notablemente os de natalidade. Por tanto, as reducidas ganancias de poboación non conseguen cubrir o elevado número de falecementos. Esta parece ser a realidade da maior parte dos municipios do rural de España, que aos poucos ven como as súas parroquias se van despoboando e os seus colexios se ven abocados ao peche ou, no mellor dos casos, son reconvertidos en escolas unitarias.

Resulta necesario sinalar que é o que lle permite a un municipio aumentar poboación. A teor do exposto neste traballo, tres actuacións parecer ser claves: (i) ofrecer, en función do tamaño poboacional, todos os servizos públicos locais que demanda a cidadanía; (ii) garantir as suficientes oportunidades laborais no municipio ou ben na contorna máis próxima; e (iii) atoparse relativamente preto –non máis de 20 minutos de desprazamento– dun gran núcleo de poboación que garanta uns servizos “ampliados”. O incumprimento parcial ou total dos elementos anteriores implicará continuar coa sangría poboacional do municipio.

Aínda sendo conscientes de que é abondo complicado establecer recomendacións globais, a modo de “boas prácticas” resulta conveniente sinalar as seguintes (Táboa 3).

– *Recomendación 1. Mellorar as expectativas laborais no municipio de residencia.* Esta primeira actuación, aínda que parece a máis obvia, é posiblemente a que resulta máis complicada de cumprir. Isto é debido a que nos núcleos rurais apenas se desenvolven actividades relacionadas co sector secundario ou de servizos. A maior parte da súa estrutura económica recae no sector primario, que non adoita ser unha opción laboralmente atractiva, en especial para os traballadores máis novos.

Para cambiar esta situación é necesario apostar polo mundo rural como estratexia de fixación de habitantes, en especial de mozas que queiran dedicarse a tarefas agrícolas e gandeiras¹¹. Para iso é condición imprescindible mellorar a súa produtividade e interconectividade, o que pasa por aumentar o seu tamaño. Sen dúbida, a menor rendibilidade e a escasa promoción da actual estrutura das explotacións é un hándicap que cómpre superar. Unha opción que se pode considerar sería a de apostar polo teletraballo e/ou polo traballo en remoto, para o que é imprescindible dispor dun bo e adecuado marco de conectividade: fibra óptica e boas comunicacións. Ambos os elementos poden abrir un abanico de posibilidades ata agora non aproveitadas suficientemente polo medio rural, o que, ademais de mellorar os indicadores de renda e riqueza, permitirían superar o declive demográfico.

Así mesmo, hai que mellorar a mobilidade no mundo rural. Para iso, débese ter en conta que se conxugan dúas situacións contrapostas. Por unha banda, unha importante demanda de mobilidade dos habitantes do rural, pero dependente de terceiros (Camarero, 2019) e, pola outra, unha menor disposición para moverse, o que obriga á poboación a acudir ao transporte privado. En efecto, en Galicia o proceso de despoboamento afecta a todos os municipios rurais, en especial aos máis afastados das grandes vías de comunicación (Rodríguez, 2020). Isto esixe unha clara mellora das comunicacións, a través de medidas destinadas a crear un sistema transversal e vertebrado no medio rural.

– *Recomendación 2. Redimensionar a planta local para garantir un mellor e máis amplo catálogo de servizos.* Como se sinalou, o tamaño da planta local municipal é moi reducida. En España hai máis de

¹¹ Os datos recollidos no *Padrón Municipal de Habitantes* permiten sinalar que no ano 2019 a dependencia da actividade agrícola é un factor que cómpre ter en conta, xa que a poboación activa agraria no medio rural representa un 27% da poboación total activa (un 17% no caso de municipios de maior tamaño), en claro contraste coa media nacional que se sitúa nun 4,6%.

8.000 municipios, e unha boa parte deles teñen menos de 2.000 habitantes. En Galicia, con 313 concellos, este problema acrecéntase.

Unha posibilidade para aumentar a dimensión da planta local sería a agrupación de EE.LL. en núcleos de poboación de maior tamaño non inferiores aos 5.000 habitantes (De Diego e Vaquero, 2016). Isto permitiría unha redución da actual presión fiscal e do gasto non produtivo dos municipios de menor poboación e, ao mesmo tempo, incrementaríase o gasto social por habitante. Neste sentido, fusionar ou cando menos partillar servizos permitiría un acceso a unha maior cantidade de recursos e, paralelamente, incrementaríanse os servizos que recibirían os cidadáns. En España hai EE.LL. que resultan inviables desde o punto de vista demográfico pola escaseza de recursos que xeran. Así e todo, nesas entidades viven persoas que necesitan seguir recibindo servizos e que teñen un forte sentido de pertenza a esas poboacións, polo que as medidas de zonificación e de agrupación poderían ser mellor aceptadas que a fusión de municipios.

– *Recomendación 3. Apostar por intervencións coordinadas desde as CC.AA., as deputacións provinciais e os concellos para incrementar a captación de poboación dos concellos, sen que isto implique un traslado de poboación entre municipios xa deteriorados demograficamente.* As competencias en materia de ordenación do territorio están en mans dos gobernos rexionais, polo que sería recomendable que as actuacións en materia de urbanismo, vivenda e transporte tivesen en conta o problema do despoboamento. Galicia (a través da futura Lei do impulso demográfico¹²), Aragón (*Plan integral de política demográfica y poblacional*) e Castela e León (*Programa de lucha contra la despoblación*) son algúns casos para ter en conta.

Ademais, o papel que pode desempeñar a Administración autonómica resulta aínda máis relevante nas CC.AA. uniprovinciais, que non contan coa Administración provincial. A todo isto hai que engadir que algunha delas ten un problema de despoboamento moi importante; quizais, A Rioxa sexa o caso máis evidente. Tendo en conta os datos resultantes das liquidacións orzamentarias remitidas polas CC.AA. ao Ministerio de Hacienda correspondentes aos exercicios dos anos 2002-2017 (ambos inclusive) e no tocante a obrigacións recoñecidas, sen tomar en consideración as transferencias pola súa participación nos tributos do Estado, conséntase que as EE.LL. das CC.AA. pluriprovinciais reciben transferencias procedentes das súas Administracións territoriais, en conxunto, por un importe tres veces superior ao que reciben as EE.LL. das CC.AA. uniprovinciais das súas respectivas CC.AA. Polo tanto, as CC.AA. uniprovinciais non están a suplir o papel que lles corresponde ás deputacións provinciais, de aí a súa relevancia para o financiamento dos concellos, sobre todo daqueles de poboación reducida.

– *Recomendación 4. Contar coas deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares para o deseño e aplicación de actuacións destinadas ao sostemento de municipios e das EE.LL. menores.* Dados os escasos recursos humanos e materiais da maior parte dos municipios rurais, hai que cuestionarse se estas Administracións Públicas se deberían dedicar en exclusiva ao apoio a municipios de menos de 20.000 habitantes. Trataríase, pois, de que este nivel de goberno se convertese nunha especie de “municipio de municipios” para apoiar ou, mesmo, para exercer directamente a xestión de servizos públicos naqueles municipios de pouca poboación incapaces de prestalos por si mesmos. Desde esta óptica, sería aconsellable que desde os gobernos provinciais se intensificasen os esforzos cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, garantindo os servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endóxeno. Finalmente, convén sinalar que, aínda que o labor que realizan as deputacións provinciais resulta notable,

¹² En relación ás medidas para a fixación de poboación no rural, a futura Lei do impulso demográfico de Galicia (aprobada polo Consello da Xunta de Galicia e en fase de tramitación parlamentaria) inclúe o desenvolvemento de servizos de centros de día ou de atención ao alzhéimer, amais doutra serie de actuacións máis alá das sanitarias ou sociais como, por exemplo, as bancarias. A modo de mostra, inclúese a instalación de caixeiros universais en 41 concellos que carecen deste servizo. Ademais, establécese a posibilidade de fixar incentivos ao desenvolvemento e bonificacións impositivas no medio rural.

é necesario o apoio das Administracións estatal e autonómica para o mantemento dos servizos públicos locais, especialmente naqueles municipios con problemas demográficos.

– *Recomendación 5. Conseguir que as economías rurais sexan capaces de ir máis aló da actividade agrícola.* Como xa se sinalou, a actividade económica do medio rural pivota en actividades do sector primario, en especial a agricultura e a gandaría. A primeira delas foi unha das grandes beneficiadas da profusa utilización dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rural, non sen certas críticas sobre o uso das contías achegadas¹³.

Se se quere unha maior diversificación económica hai que pensar en potenciar outras actividades, como a industria agroalimentaria, o turismo ou a construción de segundas residencias (Collantes, Pinilla, Sáez e Silvestre, 2014). Cómpre apostar por proxectos que permitan o crecemento económico para reter poboación no medio rural e garantir o acceso a novas infraestruturas, equipamentos e servizos (Collantes e Pinilla, 2020). Para todos estes investimentos requírese un importante volume de fondos que non poden chegar unicamente os municipios afectados. Polo tanto, é preciso un esforzo económico desde a perspectiva autonómica e provincial.

– *Recomendación 6. Incorporar a estratexia demográfica aos orzamentos anuais das diferentes Administracións Públicas.* Para combater o despoboamento do medio rural é necesario garantir os recursos necesarios, sendo imprescindible identificar os obxectivos e os medios, ademais de realizar unha avaliación da xestión e dos resultados. Revélase fundamental fixar as prioridades de investimento pluriannual contra o despoboamento do rural de acordo coas deputacións provinciais e cos concellos, seguindo criterios técnicos obxectivos. Neste sentido, é necesario a aprobación dun programa específico de desenvolvemento rural, tal e como se vén realizando nalgunhas CC.AA. como Galicia (*Programa de desenvolvemento rural, PDR de Galicia, 2014-2020*). Este tipo de actuacións deberían fomentar a industrialización das actividades rurais, potenciar a comercialización de produtos rurais e promover a actividade alimentaria e a do consumo.

– *Recomendación 7: Pór en valor o medio rural polas súas implicacións económicas e sociais.* A expansión mundial do COVID-19 provocou unha importante parálise das actividades económicas, pondo en evidencia o peso estratéxico do sector primario. En efecto, a pesar da gravidade da situación, a agricultura e a gandaría non deixaron de producir. Foron os titulares das explotacións agrarias e gandeiras os que permitiron manter a cadea de subministración durante moitas semanas para garantir o abastecemento de produtos a toda a poboación. Somos da opinión de que o sucedido debe servirnos como oportunidade para revalorizar o medio rural e para a súa posta en valor como estratexia para afrontar o futuro. Neste sentido, resulta fundamental que a sociedade volva conectar coa natureza e apostar por actividades do sector primario como liña estratéxica de cara á nova sociedade que poida xurdir da actual situación.

Por outra banda, desde a FEMP enuméranse unha serie de accións para paliar o despoboamento do medio rural. Dada a relevancia desta entidade, que aglutina os intereses dos municipios españois, sinalamos as seguintes: (i) deseñar e pór en marcha unha estratexia estatal contra o despoboamento; (ii) elaborar un mapa de prioridade demográfica e redefinir a categoría europea de zonas de escasa e moi escasa poboación; (iii) reforzar do papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares; (iv) mellorar a aplicación da Lei de desenvolvemento sostible; (v) promover activamente un proceso de simplificación administrativa e burocrática; e (vi) incorporar nos orzamentos de cada exercicio as partidas necesarias para conseguir unha estratexia demográfica, incluíndo incentivos fiscais. A Táboa 4 resume o contido básico destas actuacións.

¹³ As cantidades satisfeitas en concepto de axuda ao campo non contribuíron a diversificar a actividade produtiva. Ademais, dáse a circunstancia de que, das axudas aprobadas pola política rural da UE, só o 3% se destina ao desenvolvemento económico das zonas rurais, mentres que o resto se dedica a subvencionar actividades agrícolas.

Táboa 3. Recomendacións para combater o despoboamento do rural desde a óptica da Administración Pública local

Recomendacións	Contido
Mellorar as expectativas laborais.	Incrementar a produtividade das tarefas agrícolas.
Proceder a unha redimensión da planta local.	Compartir servizos e/ou fusionar municipios.
Apostar por intervencións coordinadas desde as CC.AA., as deputacións provinciais e os concellos.	Coordinar as actuacións supramunicipais para incrementar a captación de poboación dos concellos, sen que isto implique un traslado de poboación entre uns municipios xa deteriorados demograficamente.
Maior papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares.	Converter as deputacións provinciais, os cabidos e os consellos insulares nuns “municipios de municipios”.
Maior diversificación da estrutura produtiva das economías rurais.	Expor outras iniciativas económicas fronte á tradicional explotación agrícola e gandeira.
Incorporar anualmente aos orzamentos de todas as Administracións Públicas a estratexia demográfica.	Fixar as prioridades de investimento de acordo coas deputacións provinciais e cos concellos.
Pór en valor o medio rural.	Recuperación do medio rural e a súa posta en valor como estratexia para afrontar o futuro.

Fonte: elaboración propia.

Táboa 4. Recomendacións da FEMP para combater o despoboamento rural

Recomendacións	Contido
Deseñar e pór en marcha unha estratexia estatal contra o despoboamento.	Elaborar unha actuación nacional que teña en conta o grave problema que supón o despoboamento de moitos municipios e provincias.
Elaboración dun mapa de prioridade demográfica e a redefinición da categoría europea de zonas de escasa e moi escasa poboación.	Establecer un novo criterio respecto da clasificación das zonas escasamente poboadas e moi escasamente poboadas. Basearse só no número de habitantes por unidade de superficie non permite sinalar o problema de boa parte da España rural do interior, pola exclusión, na súa definición, dos territorios que soportan graves dificultades sociais, económicas e demográficas, e polas diferenzas na dotación de servizos, equipamento ou infraestruturas.
Reforzar o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares.	En función das competencias que poden asumir as deputacións nos municipios de ata 20.000 habitantes, mellorar as actuacións para combater o despoboamento rural, garantindo os servizos públicos locais e fomentando o desenvolvemento económico e social de natureza endóxena.
Mellor aplicación da Lei de desenvolvemento sostible.	Establecer plans de intervención en políticas de apoio ao medio rural que permitan mellorar a situación demográfica.
Promover a simplificación administrativa e burocrática.	Reducir as cargas administrativas e burocráticas para o desenvolvemento de proxectos que contribúan ao desenvolvemento de iniciativas públicas e privadas que reactiven o medio rural.
Incorporar nos orzamentos de cada exercicio as partidas necesarias para conseguir unha estratexia demográfica, incluíndo incentivos fiscais.	Planificación a curto e a medio prazo das actividades que desenvolver, a través da identificación de obxectivos e de recursos, así como a avaliación da xestión e dos resultados.
Deseñar e pór en marcha unha estratexia estatal contra o despoboamento.	Elaborar unha actuación nacional que teña en conta o grave problema que supón o despoboamento de moitos municipios e provincias.

Fonte: FEMP (2017).

Ademais, a FEMP é partidaria de revisar o modelo de financiamento das EE.LL. para mellorar o criterio de reparto de fondos e non penalizar as zonas que sofren despoboamento. En consecuencia, o criterio de despoboamento debería terse en conta no reparto dos fondos para as EE.LL. e, desa forma, responder ao maior custo que implica prestar servizos públicos básicos en núcleos de escasa poboación. Tamén se solicitou desde a FEMP que a xestión dos fondos europeos en materia rural sexa liderada polas EE.LL.

Finalmente, resulta necesario expor dúas reflexións sobre o enfoque que cómpre aplicar nas políticas públicas para combater o abandono do medio rural. A primeira é se é recomendable apostar por grandes proxectos xeralistas ou se, pola contra, son mellores as iniciativas de natureza local. Estas últimas parecen estar máis en consonancia coas necesidades reais da contorna e, ao mesmo tempo, posibilitan un modelo de gobernabilidade moito máis aplicado e próximo aos elementos particulares de cada territorio.

A segunda reflexión é se debemos centrar os nosos esforzos nos municipios ou ben en unidades territoriais máis amplas. Optar por entidades de maior tamaño poboacional permitiría aproveitar externalidades positivas e economías a escala. Dadas as peculiaridades de cada territorio, abordar o desequilibrio territorial dos máis de 8.000 municipios en España é unha tarefa que precisa un elevado esforzo e non sempre con garantía de éxito. Con todo, se se amplía o deseño das políticas públicas a zonas máis extensas, por exemplo comarcas ou conxuntos de municipios, posiblemente teñamos unha alternativa moito máis viable e que producirá mellores resultados.

6. Conclusións

A sangría demográfica que está a vivir unha parte importante dos municipios rurais en España non é nova. A maior parte dos núcleos rurais que están despoboados, ou en vías de facelo, xa se atopaban camiño desta situación hai varias décadas. Ademais, o despoboamento deixou de ser un patrimonio exclusivo das zonas rurais, posto que hai capitais de comarca e mesmo provincias que están a ver perigar unha parte significativa da poboación.

Centrándonos no medio rural, unha boa parte da solución do problema do despoboamento viría a través do incremento da poboación activa e, especialmente, da ocupada, e dun aumento da fecundidade. Xunto ao anterior, é preciso garantir unha oferta de bens e servizos públicos locais axeitada ao tamaño poboacional do municipio. Polo tanto, somos da opinión de establecer un conxunto de recomendacións que pivotaría sobre sete eixes: (i) mellorar as expectativas laborais; (ii) unha redimensión do reducido tamaño da planta local; (iii) intervencións coordinadas desde as CC.AA., deputacións provinciais e concellos orientadas ao mundo local; (iv) un maior papel das deputacións provinciais para combater a perda de poboación; (v) unha maior diversificación da estrutura produtiva das economías rurais; (vi) a incorporación nos orzamentos de todas as Administracións Públicas da estratexia demográfica; e (vii) pór en valor o medio rural.

Posto que a dimensión poboacional do municipio é reducida, sería necesaria unha actuación coordinada entre todas as Administracións Públicas con competencias neste campo –estatal, autonómica e local– que fixe unha folla de ruta para combater realmente o despoboamento. Para iso, son imprescindibles estratexias multinivel e apostar pola cooperación municipal mediante a prestación de servizos compartidos e actividades conxuntas a fin de garantir uns mínimos de calidade de vida á cidadanía con independencia de onde resida. Mesmo se pode considerar a fusión de municipios, a condición de que exista un alto consenso cidadán e que dela se deriven melloras de eficiencia e de sostibilidade.

O papel das deputacións provinciais en relación cos municipios de menos de 20.000 habitantes tras a reforma local do ano 2013 cobra especial relevancia para a garantía dos servizos públicos á cidadanía. Aínda que as deputacións provinciais, no exercicio da súa competencia xenérica de cooperación e asistencia aos municipios, podían desempeñar anteriormente algunhas funcións, coa aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, vaise un paso máis alá. Así, aos entes provinciais atribúenselles competencias materiais de forma expresa, tales como a prestación do servizo de recadación tributaria, a

administración electrónica ou a contratación centralizada, todo isto de indubidable transcendencia para o correcto funcionamento local.

Bibliografía

- Calonge, A. (2001). La planta municipal y las entidades locales menores en Castilla y León. *Revista de Estudios Locales y Autonómicos*, 285. DOI: <https://doi.org/10.24965/reala.vi285.9099>
- Camarero, L. A. (2019). Los patrimonios de la despoblación: la diversidad del vacío. *Revista Patrimonio Histórico*, 98, 50-69. (Especial demográfico: Patrimonio cultural y territorios de la despoblación). DOI: <https://doi.org/10.33349/2019.98.4517>
- Castro, C. (1996). Marco jurídico de la parroquia rural en Galicia. *Revista de Estudios Locales y Autonómicos*, 276. DOI: <https://doi.org/10.24965/reala.vi276.8980>
- Collantes, F., e Pinilla, V. (2020). La verdadera historia de la despoblación de la España rural y cómo puede ayudarnos a mejorar nuestras políticas. *Documentos de Trabajo, 2001*. Salamanca: Asociación Española de Historia Económica. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7247390>
- Collantes, F., Pinilla, V., Sáez, L. A., e Silvestre, J. (2014). Reducing depopulation in rural Spain: The impact of immigration. *Population, Space and Place*, 20(7), 606-621. DOI: <https://doi.org/10.1002/psp.1797>
- Consejo de Cuentas de Castilla y León. (2020). <https://www.consejodecuentas.es>
- De Diego, A., e Vaquero, A. (2016). Redimensionamiento de la planta local: retos frente al minifundismo de Galicia. *Documento 5/2016. Red Localis*. DOI: <https://doi.org/10.13140/RG.2.2.30277.24803>
- Defensor del Pueblo. (2019). *La situación demográfica en España. Efectos y consecuencias*. Madrid: Defensor del Pueblo. Recuperado de: <https://www.defensordelpueblo.es/informe-monografico/la-situacion-demografica-espana-efectos-consecuencias/>
- Díaz, J. M. (2012). El Anteproyecto de ley de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local: ¿cambio de rumbo en la Administración Local española? *Anuario de Gobierno Local 2012*, 47-91. Recuperado de: <http://repositorio.gobiernolocal.es/xmlui/handle/10873/1431>
- Federación Española de Municipios y Provincias. (2017). *Listado de medidas para luchar contra la despoblación en España. Documento de acción*. Madrid: FEMP, Comisión de Despoblación. Recuperado de: http://www.femp.es/sites/default/files/multimedia/documento_de_accion_comision_de_despoblacion_9-05-17.pdf
- Fernández, M. (2020). Efectos de la evolución de la población sobre las infraestructuras y la prestación de servicios del Estado de bienestar. El caso de Galicia. *Galicia 2040: el reto demográfico*. (Mimeo). Santiago de Compostela: Foro Económico de Galicia.
- Gobierno de Aragón. (2017). Decreto 165/2017, de 31 de octubre, del Gobierno de Aragón, por el que se aprueba la Directriz Especial de Ordenación Territorial de Política Demográfica y contra la Despoblación. *Boletín Oficial de Aragón*, núm. 214, de 08/11/2017, pp. 30444-30703. Recuperado de: <http://www.boa.aragon.es/cgi-bin/EBOA/BRSCGI?CMD=VEROBJ&MLKOB=987281220505>
- Gómez J. A., Atance, I., e Rico, M. (2007). Percepción pública del problema de la despoblación del medio rural en Castilla y León. *Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, 6, 9-60. Recuperado de: <https://recyt.fecyt.es/index.php/AGER/article/view/7050>
- Instituto Nacional de Estadística. (2020). *Padrón Municipal de Habitantes*. Madrid: INE. Recuperado de: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177011&menu=resultados&idp=1254734710990
- Junta de Castilla y León. (2010). *Agenda para la población de Castilla y León 2010-2020*. Valladolid: Junta de Castilla y León. Recuperado de: <https://www.jcyl.es/web/es/agendapoblacion/agenda-para-poblacion/agenda-poblacion-2010-2020.html>
- Ley 45/2007, de 13 diciembre, para el desarrollo sostenible del medio rural. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 299, de 14/12/2007, pp. 51339-51349. Madrid: Jefatura del Estado. Recuperado de: <https://www.boe.es/eli/es/l/2007/12/13/45>
- Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia. Comunidad Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 245, de 18/12/2008 y *Boletín Oficial del Estado*, núm. 15, de 17/01/2009. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2009/BOE-A-2009-807-consolidado.pdf>
- Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local. *Boletín Oficial del Estado*, núm. 312, de 30/12/2013, pp. 106430-106473. Madrid: Jefatura del Estado. Recuperado de: <https://www.boe.es/eli/es/l/2013/12/27/27>

- Ley 9/2017, de 26 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas. Comunidad Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 245, de 28/12/2017 y *Boletín Oficial del Estado*, núm. 36, de 09/02/2018, pp. 16012-16075. Recuperado de: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2018-1753>
- Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2015). *Informe anual de la publicación Análisis y Prospectiva. Serie Indicadores correspondiente al año 2014*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Recuperado de: https://www.mapa.gob.es/es/ministerio/servicios/analisis-y-prospectiva/indicadores_semestre.aspx
- Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. (2018). *Informe Galicia: Perspectivas demográficas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social.
- Pinilla, V., e Sáez, L. A. (2017). La despoblación rural en España: génesis de un problema y políticas innovadoras. *Informe 2*. Zaragoza: Centro de Estudios sobre la Despoblación y Desarrollo de las Áreas Rurales. Recuperado de: <http://www.roldedeestudiosaragoneses.org/files/noticia/395/InformeCEDDARdeflogo.pdf>
- Principado de Asturias. (2017). *Plan demográfico del Principado de Asturias 2017-2027*. Oviedo: Principado de Asturias, Consejería de Presidencia y Participación Ciudadana. Recuperado de: <https://www.asturias.es/portal/site/webasturias/menuitem.4b280f8214549ead3e2d6f77f2300030/?vgnextoid=35f68cdc5625f510VgnVCM10000097030a0aRCRD&i18n.http.lang=es>
- Puga, D. (2020). *Tendencias demográficas y Estado del bienestar: nuevas familias y apoyo a la vejez. Una reflexión para Galicia. Galicia 2040: el reto demográfico*. (Mimeo). Santiago de Compostela: Foro Económico de Galicia.
- Recaño, J. (2017). La sostenibilidad demográfica de la España vacía. *Perspectives Demográfiques*, 7, 1-4. Recuperado de: <https://www.age-geografia.es/site/la-sostenibilidad-demografica-de-la-espana-vacia/>
- Rodríguez, M. X. (2020). *Escenario demográfico en Galicia: cambio de paradigma y movilidad de la población. Galicia 2040: el reto demográfico*. (Mimeo). Santiago de Compostela: Foro Económico de Galicia.
- Sosa, F. (2008). *Administración Local. Derecho Público de Castilla y León*. Valladolid: Lex Nova.